



Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ASUNTO: AMPLIACIÓN HORARIA FESTA DIVINA PASTORA

I.- ANTECEDENTES

Alejandro Santos Rodriguez , con DNI.: ***4239** en representación da Asociación Divina Pastora con CIF : ***7591** e una vez presentada a documentación para solicitude de autorización por parte do Concello para celebrar o 10,11 e 12 de maio a Fiesta da Divina Pastora que terá lugar na praza do Recheo, solicitou no rexistro electrónico deste Concello (rx20249990000737) una solcitude **de ampliación do horario de finalización de festa ata as 5:30 da madrugada** os días 10 e 11 de maio de 2024, de conformidade co artigo 5.f da Lei 10/2017, do 17 de decembro, que establece que lles corresponde aos concellos autorizar as ampliacións ou as reducións sobre o horario xeral en atención aos criterios, supostos e circunstancias que, de ser o caso, figuren na orde de horarios prevista no artigo 17.

A Orde do 23 de outubro de 2020 da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo ten por obxecto determinar o horario xeral de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas. O artigo 17.2 desa orde permite que os concellos poidan autorizar, de forma motivada, ampliacións ou reducións sobre o horario xeral.

Na Resolución núm. 867/2023, do 30 de outubro, deroguei a Resolución núm. 321/2023 do 6 de maio, e, en consecuencia, adotar os horarios de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e fin dos espectáculos públicos e das actividades recreativas recollidos no artigo 5 da Orde do 23 de outubro de 2020, de obrigado cumprimento no termo municipal.

A importancia social e económica das actividades artísticas, culturais e de lecer require dunha regulación específica dos espectáculos públicos e das actividades recreativas que, ademais de garantir a seguridade das persoas e dos bens, a hixiene dos establecementos, a accesibilidade e a comodidade das persoas usuarias, asegure adecuadamente a compatibilidade entre o dereito ao lecer e o dereito ao descanso da cidadanía. Isto exige poñer en primeiro plano, entre outros, aspectos tales como a protección das persoas menores, a defensa das persoas consumidoras e usuarias, o respecto polo medio ambiente e os animais, a loita contra actitudes discriminatorias e a conservación do noso patrimonio histórico-artístico e cultural.



Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

II.-CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- Orde do 23 de outubro de 2020, pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e fin dos espectáculos públicos e das actividades recreativas
- Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia
- Decreto 124/2019, do 5 de setembro polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos
- Decreto 82/2018, do 2 de agosto, polo que se regula a Comisión de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia
- Ley 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local

Son competente para resolver, de conformidade co artigo 21 da Lei 7/1985.

Polo anterior, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Ampliar o horario de finalización de festa “Divina Pastora de Ponteceso” **UNHA HORA os días 10 e 11 de maio de 2024**

SEGUNDO.- Notificarlles esta resolución á Policía Local de Ponteceso e á Garda Civil

TERCEIRO.- Publicar esta resolución no Boletín Oficial da Provincia (BOP) da Coruña para o seu xeral coñecemento así como na sede e páxina web do Concello .

CUARTO.-Darlle conta desta resolución ao Pleno do Concello na próxima sesión que se celebre.

Do que dou fe, aos efectos do disposto no artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.

O alcalde

Dou fe (art. 3.2 do Real decreto 128/2018)
A secretaria

José Manuel Mato Martínez

Antía Pena Dorado

*Documento firmado dixitalmente na marxe.